

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases da convocatoria para a contratación de cinco traballadores/as, persoal laboral-temporal, para a realización de traballos de salvamento, socorrismo, nas praias do Concello de Pontedeume.

ANUNCIO

Bases da convocatoria para a contratación de cinco traballadores/as, persoal laboral-temporal, para a realización de traballos de salvamento, socorrismo, nas praias do Concello de Pontedeume.

Por Resolución da Alcaldía núm. 275/2017 de 31 de maio, aprobáronse as bases indicadas que se transcriben a continuación:

“BASES DA CONVOCATORIA, CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA A CONTRATACION DE CINCO TRABALLADORES, PERSOAL LABORAL-TEMPORAL (MODALIDADE DE OBRA OU SERVIZO), PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE SALVAMENTO, SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

A presente convocatoria ten por obxecto a contratación de CINCO traballadores (Grupo cotización seguridade social 8) para salvamento, socorrismo nas praias do municipio, como persoal laboral temporal na modalidade de “contrato de traballo temporal”(modalidade de obra ou servizo), polo período que discorre entre a formalización do contrato de traballo e ata o día 30 de setembro de 2017, data de finalización do plan de salvamento de praias de Galicia para o ano 2017, e que en todo caso non superará os catro meses, a xornada completa.

2.- REQUISITOS E CONDICIÓNS ESIXIDOS ÓS/ÁS CANDIDATOS/AS.

a) Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

b) Titulación: Para o exercicio profesional do socorrismo acuático na Comunidade Autónoma de Galicia será necesario que o/a profesional solicite a inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia achegando a preceptiva declaración responsable e que dispoña da correspondente habilitación profesional, para ou cal deberáse posuír un dous seguintes niveis formativos:

- Título de técnico deportivo en salvamento e socorrismo, ou calquera outro título de grao medio ou superior de formación profesional que inclúa no seu currículo os módulos formativos asociados a todas as unidades de competencia da cualificación de socorrismo en instalacións acuáticas do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.*
- Certificado de profesionalidade de socorrismo en instalacións acuáticas/espazos naturais.*
- Acreditación de ter superado as catro unidades de competencia da cualificación profesional de socorrismo en instalacións acuáticas/espazos naturais.*

Non obstante, a partir da entrada en vigor do DECRETO 104/2012, de 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia, e durante o período transitorio de 5 anos, que permita garantir a obtención por parte das persoas interesadas da acreditación das unidades de competencia da cualificación profesional correspondente, poderán inscribirse de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia as persoas que, no momento da entrada en vigor desta normativa, cumpran algún dos seguintes requisitos:

1.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de 80 horas de formación de salvamento e socorrismo acuático impartido pola Academia Galega de Seguridade Pública con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto.

2.º Estar en posesión dun diploma que acredite a realización dun curso de formación en materia de socorrismo impartido por universidades, federacións deportivas do Concello de Pontedeume, salvamento e socorrismo, Cruz Vermella ou outras entidades con experiencia na formación de socorristas, con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto, sempre que devandito curso obteña a homologación da Academia Galega de Seguridade Pública.

Aqueles cursos que estean en fase de desenvolvemento na data de publicación do presente decreto serán considerados a efectos do establecido neste apartado, sempre que a entidade que organiza o curso notifiqueo á AGASP no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación deste decreto.

A Academia Galega de Seguridade Pública utilizará como criterio de homologación que o curso teña un mínimo de 80 horas e un contido similar ao curso de salvamento e socorrismo acuático ofertado pola Agasp nos últimos anos.

3.º Estar en posesión dun diploma que acredite a superación con avaliación positiva do Curso de formación profesional para o emprego de socorrista acuático (AFDB10, de 240 horas), expedido por unha Administración pública competente en materia de formación profesional para o emprego.

4.º Acreditar unha experiencia laboral superior a 12 meses. Dita experiencia acreditarase mediante certificado de vida laboral acompañado de fotocopia compulsada de contrato de traballo ou certificación de empresa onde figuren a duración dos períodos de prestación do contrato, as actividades desenvolvidas e o intervalo de tempo no que se realizaron ditas actividades

c) Nacionalidade: Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebradas pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/o cónxuxe das persoas de nacionalidade española ou dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e as nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras/es, sempre que non estean separadas de dereito, así como ás/aos descendentes de ámbolos cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas.

d) Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Habilitación: Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os/as aspirantes que non tiveran a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

3.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS:

Os que desexen tomar parte do procedemento selectivo para a contratación, laboral temporal, de 5 traballadores para a realización de traballos de salvamento e socorrismo, presentaran solicitude no modelo oficial que figura no Anexo 1 destas bases, e que facilitará nas dependencias municipais gratuitamente.

Na solicitude manifestarán que reunen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente da Corporación Municipal, e presentaranse no rexistro xeral do Concello, no prazo de SETE (7) días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOP, acompañaranse da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia da titulación requerida para o acceso ao posto.
- Relación de méritos que aleguen os aspirantes pola orde que se establece na convocatoria, unindo á dita relación os documentos xustificativos dos mesmos (orixinais ou fotocopias compulsadas). Non seran tomados en consideración nin valorados os que non se acrediten debidamente en todos os seus extremos, no momento de presentación de instancias. O tribunal non avaliará os méritos que non se aporten ou acrediten desta maneira.
- Fotocopia do Celga 2 (mínimo) ou titulación equivalente.
- Certificado médico oficial que acredite non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións de salvamento e socorrismo.

4.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-

O Tribunal Cualificador, estará constituído da seguinte forma, respetando o establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Estatuto Básico do Empregado Público.

- Presidente/a: o persoal funcionario da Corporación que se nomee do mesmo grupo de titulación.
- Secretaria/o: o secretario da Corporación ou funcionario da Corporación en que delegue do mesmo grupo de titulación.
- Vogais: tres vogais designados/as pola Alcaldía entre funcionarios da Corporación do mesmo grupo de titulación.

Os membros do tribunal deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ós esixidos para o acceso ao posto convocado.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os interesados poderán promover a recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

O Tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, xa citada.

A Resolución que conteña a composición do Tribunal e a data, hora e lugar en que se procederá á valoración de méritos, publicarase no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Pontedeume.

Os membros do Tribunal terán dereito a asistencias pola súa participación nas sesións do Tribunal de acordo co disposto no artigos 1.1d) e 27.1b), 29 e 30.1 e Anexo IV do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O Tribunal terá a categoría terceira e prevense un número máximo de 5 sesións para a valoración da fase de concurso e a de oposición neste procedemento selectivo.

Asesores especialistas. Cando o procedemento selectivo, por dificultades técnicas ou doutra índole, así o aconsellen, o Tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer a incorporación ao mesmo, con carácter temporal, doutro persoal municipal, doutras Administracións Públicas ou do sector privado que colaborará, exclusivamente, no exercizo das súas especialidades técnicas no desenvolvemento dos procesos de selección e baixo a dirección do citado Tribunal. Neste caso persoal sanitario a efectos da valoración da proba de reanimación cardio-pulmonar: Soporte vital básico.

5.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN.

O procedemento de selección será o de concurso-oposición.

5.1 FASE DE CONCURSO (DE 0 A 10 PUNTOS)

- **EXPERIENCIA PROFESIONAL:** Ata un máximo de 5 puntos.

Por cada mes completo de servizos prestados na Administración Local na mesma categoría que as prazas convocadas:

Coa condición de funcionario: 0,2 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Coa condición de persoal laboral: 0,1 puntos ata un máximo de 2 puntos.

- **CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCÍONS A DESEMPEÑAR:** Ata un máximo de 3 puntos.

Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 3 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- -De menos de 20 horas, 0,10 puntos por curso.
- -De 20 a 40 horas, 0,30 puntos por curso.
- -De máis de 40 horas: 0,50 puntos por curso.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

Acreditarase a formación coa copia compulsada dos diplomas dos cursos realizados.

- **COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO: 0 A 2 PUNTOS.**

Por cursos oficiais de lingua galega ou validación correspondente:

- -Curso de iniciación ou Celga 2: 1 puntos.
- -Curso de nivel medio ou Celga 3: 1,5 puntos.
- -Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 2.00 puntos.

No caso de posuír varios cursos, valorarase solamente o de maior puntuación.

Acreditarase este apartado coa copia compulsada dos cursos ou da validación correspondente.

De non acreditarse farase unha proba de nivel aos aspirantes, puntuándose coa cualificación de apto ou non apto, debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

5.2 FASE DE OPOSICIÓN (DE 0 A 40 PUNTOS)**A.1. Proba de reanimación cardio-pulmonar: Soporte vital básico.**

Esta proba ten por obxecto determinar os coñecementos mínimos dos aspirantes para a realización da manobra RCP. Os aspirantes realizarán un simulacro cun moneco de RCP básico, no que a calificación será de "apto" ou "non apto".

Para ser considerado apto, o aspirante deberá realizar de forma completa e correcta un soporte vital básico SEGÚN RECOMENDACIÓNS 2010 DEL EUROPEAN RESUSCITATION COUNCIL. (RCP, tanto no xeito, como na secuencia e ritmo combinado).

O candidato calificado nesta proba como non apto quedará eliminado definitivamente do proceso selectivo.

Participará para a súa calificación persoal sanitario convocado ao efecto como persoal asesor.

A.2. Probas físicas.**1.- Consistirá en realizar na piscina municipal as seguintes probas:**

- Nadar 100 metros combinada de salvamento, que haberá de realizarse para a súa superación en tempo igual ou inferior a 2'20" para homes e 2'40" para mulleres. (puntos de 0 a 10)

Execución: Posición inicial en pie no borde exterior da piscina. Non se permite apoiarse nas corcheras ni parar durante a realización da proba, quedando eliminados aqueles aspirantes que ó incumpran. Se eliminará igualmente a quen realice dúas saídas nulas.

Tempos homes	Puntos	Tempo mulleres	Puntos
Menos de 1'25"	10	Menos de 1'41"	10
1'25" a 1'35"	9	1'41" a 1'52"	9
1'36" a 1'46"	8	1'53" a 2'04"	8
1'47" a 1'57"	7	2'05" a 2'16"	7
1'58" a 2'08"	6	2'17" a 2'28"	6
2'09 a 2'19"	5	2'29" a 2'40"	5
2'20" ou máis	Non superado	2'40" ou máis	Non superado

- 50 metros de rescate de manequín en tempo inferior a 1 minuto para homes e 1 minuto 10 segundos para mulleres. (puntos de 0 a 10)

Tempos homes	Puntos	Tempo mulleres	Puntos
Menos de 38"00	10	Menos de 45"00"	10
38"00" a 40"09"	9,5	45"00" a 47"49"	9,5
40"10" a 42"19"	9	47"50" a 49"99"	9
42"20" a 44"29"	8,5	50"00" a 52"49"	8,5
44"30" a 46"39"	8	52"50" a 54"99"	8
46"40" a 48"49"	7,5	55"00" a 57"49"	7,5
49"50" a 51"59"	7	57"50" a 59"99"	7
51"60" a 53"69"	6,5	1'00" a 1'02"49"	6,5
53"70" a 55"79"	6	1'02"50" a 1'04"99"	6
55"80" a 57"89"	5,5	1'05"00" a 1'07"49"	5,5
57"90" a 59"99"	5	1'07"50" a 1'09"99"	5
1' ou máis	Non superado	1'10" ou máis	Non superado

2.- Consistirá na realización dunha proba física nunha Praia do municipio, sendo proba de carácter obrigatorio. (DE 0 A 10)

A non comparecencia ó mesmo ou non responder ao chamamento único implica a eliminación do proceso selectivo.

A tal efecto os aspirantes admitidos, convocaranse na Praia.

Esta proba física realizarase na Praia que se indique no momento da convocatoria da proba, que terá unha valoración de 0 ata 10, consistente en percorrer o seguinte:

- 800 m. de carreira pola area co material de salvamento (aletas e flopi) e deseguido sen pausar nadar en estilo libre ida e volta dende a praia e unha embarcación ancorada, unha distancia total de 400 metros, 200 metros ida á embarcación e 200 metros volta á praia. A proba superarase realizando a carreira e o traxecto a nado por completo. As persoas que abandonen quedarán eliminadas.

*Nota: as distancias variaran en función do estado do mar, así coma a utilización de flopi.

Cada aspirante terá que traer as súas propias aletas para a realización da proba.

Poderase empregar como material a traer polos aspirantes traxe de neopreno de ata 4 mm.

Puntuación por tempos:

PuntosTempo mulleresPuntos

4'00" ou menos	10	4'50" ou menos	10
4'01" a 4'15"	9	4'51" a 5'08"	9
4'16" a 4'30"	8	5'09" a 5'26"	8
4'31 a 4'45"	7	5'27" a 5'44"	7
4'46" a 5'00"	6	5'45" a 6'02"	6
5'01" a 5'15"	5	6'03" 6'20"	5
Máis de 5'15"	Non superado	Máis de 6'20"	Non superado

A3.- Proba específica sobre coñecemento de socorrismo e salvamento (DE 0 A 10 PUNTOS)

Realizarase unha proba escrita de 20 preguntas, relacionadas directamente con coñecementos de salvamento e socorrismo, valorarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario acadar 5 puntos para superar a proba.

A4.- Coñecemento da lingua galega: A proba de coñecemento da lingua galega está dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación.

Esta proba cualificarase como apto ou no apto.

Sen embargo, as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida de acordo co previsto na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 16 de xullo de 2007, mediante a presentación do certificado que acredite ter, como mínimo o CELGA 2, daráselles por superada esta proba coa cualificación de apto.

De producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar a puntuación total da segunda fase (de oposición), e a continuación a da primeira (concurso), e de persistir o empate, decidirase mediante as puntuacións (mellores tempos) obtidos nas probas físicas.

Finalmente de persistir aínda así o empate, o Tribunal procederá a realizar unha Proba oral: que consistirá nunha entrevista persoal en que o Tribunal realizará un máximo de 5 preguntas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, materias específicas do programa recollido como Anexo I desta convocatoria, coñecementos profesionais básicos e/ou preguntas de índole curricular e de personalidade, a fin de comprobar os coñecementos dos aspirantes sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo convocado e de avaliar as súas aptitudes e actitudes para o mesmo.

6.- LISTA DE APROBADOS E BOLSA DE TRABALLO.

Rematada as dúas fases anteriores o Tribunal publicará no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Pontevedra a relación dos candidatos por orden da puntuación obtida, coa indicación da puntuación acadada en cada unha das fases do proceso selectivo.

O Tribunal elevará a proposta, ademais da acta da derradeira sesión, ó Sr. Alcalde para que proceda á resolución do expediente de selección de persoal e o nomeamento como persoal laboral temporal.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron a selección un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados que contraveña ó anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Os candidatos que superasen todos os exercicios e non consigan o posto de traballo pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, se o Concello precisa realizar algunha substitución, acudirá a dita bolsa seleccionando o primeiro deles. Soamente poderá seleccionar ao seguinte cando aquel rexeitara o posto, o que suporá pasar ó final da lista, salvo que se de a circunstancia de estar de baixa por incapacidade laboral o que deberá xustificarse aportando a documentación necesaria.

A bolsa de traballo formada como consecuencia do proceso selectivo que regulan estas bases extingúrase unha vez finalizada a tempada de praias para 2017.

7.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os aspirantes seleccionado en primeiro lugar, no prazo de cinco días naturais contados dende o día seguinte a aquel no que se fíxese pública a lista de aprobados, deberá presentar na secretaría do Concello de Pontedeume, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.

b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.

c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.

d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser nomeados, sen prexuízo da responsabilidade en que houbesen podido incurrir por falsedade dimanante da solicitude para participar no concurso-oposición.

8.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días naturais, a contar dende a data de notificación do acordo de contratación.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

9.-PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO.

A publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realízanse mediante publicación no taboleiro de edictos deste Concello e na páxina web municipal.

10.- PROTECCIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Pontedeume, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos mesmos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Pontedeume, Rúa Real 13,15600. Pontedeume.

11.- INCIDENCIAS.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presentaren e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo canto non estea previsto nestas bases.

12.- LEXISLACIÓN.

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por R.D.-Lex. 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 896/91, do 7 de xuño, de regras básicas e programas mínimos; o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e o e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos.

13.- NORMA FINAL.

As presentes bases, así como cantas actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

ANEXO I**AO SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME**

D./Dna. _____ de _____ anos, con domicilio en _____,
Rúa/ _____ nº _____, piso _____ C.P. _____, Teléfono _____
e D.N.I nº _____, ante VS. comparezo para manifestar:

Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a selección de CINCO traballadores/as (persoal laboral temporal-modalidade de obra ou servizo) para a realización de traballos de salvamento e socorrismo, segundo as bases aprobadas por Resolución _____, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº _____ de data _____ de 2017.

Que reúno todos os requisitos esixidos, referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude, nas Bases que acepto e declaro coñecer e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente tódolos datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto achego coa presente instancia:

- 1.- Fotocopia do D.N.I.
- 2.- Copias da titulación esixida. (Incluída solicitude de inscrición no correspondente Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia).
- 3.- Certificado médico oficial.
- 4.- Relación de méritos, coa documentación xustificativa.

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

SER ADMITIDO/A A PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE CINCO TRABALLADORES (PERSOAL LABORAL TEMPORAL-MODALIDADE DE OBRA OU SERVIZO) PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME."

O que se publica para xeral coñecemento, e dando cumprimento ao contido da dita resolución.

En Pontedeume, asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 31 de maio de 2017.

2017/4660